

DOCUMENTO TÉCNICO

3 de agosto de 2021

RECOMENDACIÓNS E CRITERIOS SANITARIOS DE PREVENCIÓN DA COVID-19 NAS PRAIAS DE GALICIA



Documento elaborado por:

Dirección Xeral de Saúde Pública
Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde
Servizo de Sanidade Ambiental

As recomendacións incluídas no presente documento están en continua revisión e poden ser modificadas se a situación epidemiolóxica así o requirise.

Para dispoñer dunha información actualizada recoméndase validar as referencias nos enlaces:

- Consellería de Sanidade

<https://coronavirus.sergas.gal/>

- Ministerio de Sanidad

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos.htm>

- así como nos demais organismos referenciados.



Índice

1. Introducción	4
2. Avaliación da transmisión do SARS-CoV-2 nas zonas de baño	5
3. Medidas preventivas para a apertura e uso das praias	6
3.1 Recomendación xerais	6
3.2 Equipamentos e servizos	7
3.2.1. Baños e aseos	7
3.2.2. Vestiarios	7
3.2.3. Duchas e lavapés	7
3.2.4. Papeleiras	7
3.2.5. Hamacas, toldos e parasois	8
3.2.6. Postos de socorro	8
3.2.7. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre	9
3.2.8. Actividades deportivas e de ocio	9
3.2.9. Baño asistido	9
3.2.10. Establecementos de hostalaría e restauración	9
3.3. Plan de limpeza e desinfección	9
3.3.1. Produtos biocidas (desinfectantes)	10
3.3.2. Protocolo de limpeza e desinfección	10
3.3.3. Operacións de limpeza e desinfección obrigatorias	10
3.3.4. Frecuencia da limpeza e desinfección	11
3.3.5. Limpeza da area da praia	11
3.4. Ventilación de espazos pechados	11
3.5. Prevención de riscos laborais para o persoal traballador das praias	12
3.6. Información ás persoas usuarias	12
3.7. Limitación de capacidades máximas	13
3.8. Distanciamiento social	14
3.9. Uso da máscara	15
4. Requisitos normativos das zonas de baño para a prevención da COVID-19	15
5. Cadro-resume das restricións en zonas de baño	17
6. Infografía	17
7. Bibliografía	17



1. INTRODUCCIÓN

Galicia é a comunidade autónoma española con maior número de zonas baño cun 22,8 % do total de España. A situación actual fai que o desfrute destaS zonas de lecer se teña que realizar cunhas medidas de precaución que minimicen o risco de transmisión do SARS-CoV-2, de maneira que se poida facer uso delas de forma segura para a poboación.

A principal vía de transmisión do SARS-CoV-2 é a través de secrecións respiratorias e o contacto próximo de persoa a persoa. As aglomeracións que poden darse nas zonas de baño, así como os obxectos de uso común, poden servir como mecanismo de contaxio.

Con todo, a Organización Mundial da Saúde (OMS) sinalou que o risco debido ao SARS-CoV-2 no baño recreativo relaciónase máis co baixo respecto do distanciamento social e menos co virus na auga.

As recomendacións que se recollen neste documento complementaranse con aquelas que as distintas autoridades poidan ir establecendo. Así mesmo, inclúense os requisitos normativos determinados polo Goberno de España e a Xunta de Galicia para a actual fase da pandemia.

É importante lembrar que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Neste programa elabórase un censo oficial de zonas de baño para cada tempada. No ano 2021, figuran un total de 489 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe, que se atopan en 114 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Na actual situación de pandemia pola COVID-19, cobra especial importancia seguir as recomendacións das autoridades sanitarias derivadas destes controis, que van a garantir que o baño se produce sen riscos para a saúde das persoas usuarias.



2. AVALIACIÓN DA TRANSMISIÓN DO SARS-CoV-2 NAS ZONAS DE BAÑO

Considérase que a forma de transmisión do virus entre persoas humanas ocorre por un determinado tipo de pingas que se emiten ao tusir, falar e/ou respirar por parte dunha persoa infectada, e que polo seu tamaño e peso, están presentes en aerosois a distancias curtas e medias (a OMS recomenda unha distancia mínima de un metro) e que tenden a depositarse sobre as superficies próximas, polo que as principais vías de transmisión do virus son a vía aérea e a vía de contacto. Por este motivo, as aglomeracións que poden darse nas zonas de baño, así como os obxectos de uso común, poden significar factores de risco engadido para o contaxio.

Doutra banda, as manifestacións clínicas gastrointestinais, aínda que presentes, non son demasiado frecuentes nos casos da COVID-19, pero detectouse o virus infectivo en feces de persoas enfermas. Non existe evidencia científica ata a data da transmisión do virus a través das feces.

En actividades recreativas, a infección por SARS-CoV-2 por contacto coa auga de condicións estándar para o baño, é moi pouco probable. Con todo, estas actividades xeralmente implican un relaxamento no cumprimento das medidas recomendadas de distanciamento social.

A OMS sinalou recentemente que o risco debido á COVID-19 no baño recreativo relaciónase máis coa distancia física entre persoas e menos co virus na auga.

Aínda que actualmente non existen datos da persistencia do SARS-CoV-2 en auga de mar, o efecto de dilución, así como a presenza de sal, son factores que probablemente contribúan a unha diminución da carga viral e á súa inactivación por analoxía ao que sucede con virus similares.

A supervivencia do SARS-CoV-2 en auga de ríos, lagos, pozas de augas remansadas de auga doce e non tratada pode ser superior á que se produce en piscinas e na auga salgada, e por tanto deben extremarse as medidas de precaución para evitar aglomeracións, sendo estes os medios acuáticos máis desaconsellables en relación con outras alternativas, especialmente as pequenas pozas onde a dilución é menos efectiva.

Aínda que non existen estudos sobre a prevalencia de virus na area presente en praias ou ribeiras, a acción conxunta da sal da auga de mar, a radiación ultravioleta solar e a alta temperatura que pode alcanzar a area, son favorables para a inactivación dos axentes patóxenos.

De acordo coa información dispoñible, o virus excretase en grandes cantidades en feces, aínda que existe aínda relativamente escasa evidencia sobre a súa infectividade, polo que unha vía de transmisión é a derivada da presenza do virus



en augas residuais que poidan chegar a masas de auga de baño e tamén a supervivencia do virus proveniente de bañistas en augas, áreas e superficies limítrofes. As investigacións suxiren que os coronavirus son sensibles aos procesos de tratamento de augas residuais e que o risco de transmisión do virus SARS-CoV-2 a través de sistemas de saneamento axeitadamente deseñados e mantidos é baixo.

Ademais, no proxecto VATar levado a cabo polo Ministerio de Sanidade na tempada de baño 2020 en 10 zonas de baño continentais, non se detectaron resultados positivos de SARS-CoV-2 en ningunha das zonas de baño seleccionadas.

Tendo en conta os datos científicos dos que se dispón, cabe esperar que a transmisión fecal-oral do COVID-19 sexa moito menor que a asociada ás micropingas ou pingas de saliva aspiradas directamente, ou adquiridas indirectamente a través do contacto con superficies da contorna inmediata ou con obxectos utilizados por persoas infectadas.

Actualmente, a calidade sanitaria da auga de baño e por tanto os riscos para a saúde humana asociada ao baño, avalíanse coa determinación de dúas bacterias indicadoras de contaminación fecal (*Escherichia coli* e enterococo). Se existe contaminación fecal, a presenza destas bacterias indicaría polo que non serían necesarias determinacións adicionais por motivo do SARS-CoV-2.

Con respecto ao aire na beira do mar, os aerosois formados polas ondas e o vento son abundantes e representan unha gran fonte natural de partículas no aire que poderían transportar o virus por este medio. Con todo, a OMS non advertiu de que o virus poida propagarse pola brisa mariña ou a brisa costeira.

3. MEDIDAS PREVENTIVAS PARA A APERTURA E USO DAS PRAIAS

3.1. RECOMENDACIÓNS XERAIS

O Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, establece os criterios sanitarios que deben cumprir as augas de baño, para garantir a súa calidade co fin de protexer a saúde humana dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación. Fíxanse parámetros e valores paramétricos a cumprir no punto de mostraxe designado pola autoridade sanitaria. Estes valores baséanse principalmente nas recomendacións da OMS e en motivos de saúde pública, aplicándose, nalgúns casos, o principio de precaución para asegurar un alto nivel de protección da saúde dos bañistas.

Na situación de pandemia actual, é especialmente importante que, ante posibles incumprimentos dos criterios de calidade que sinala esta disposición, se investigue a causa subxacente e se garanta que se apliquen canto antes as medidas correctoras e preventivas para a protección da saúde de bañistas.



Así mesmo, deberán actualizarse os perfís das zonas de baño coas características de cada praia antes da apertura das mesmas e incluír o perfil en NAYADE.

3.2 EQUIPAMENTOS E SERVIZOS

3.2.1. Baños e aseos

- Imprescindible manter boa ventilación.
- Equipar con xabón e/ou xeles hidroalcohólicos, toallas refugables e papeleiras de pedal.
- Equipar con carteis na entrada sobre a necesidade de gardar distancia na entrada e a prohibición de máis dunha persoa no interior, así como da obrigatoriedade de esperar fóra, ao aire libre.
- Equipar con cartel interior sobre limpeza de mans e accionar cisterna con tapa de inodoro pechada.
- Aumentar a frecuencia de limpeza e desinfección, que se deberá incrementar nos días e praias de maior afluencia e ser, polo menos, diaria.

3.2.2 Vestiarios

- Imprescindible poder manter boa ventilación.
- Aumentar a frecuencia de limpeza e desinfección en función dos horarios e do uso, garantindo o seu estado de salubridade e hixiene, e ser, polo menos, diaria.
- Equipar con solucións hidroalcohólicas.

3.2.3 Duchas e lavapés

- Manter todos os subministros do exterior cunha disposición que permita durante o seu uso manter unha distancia polo menos de 1,5 metros.
- Extremar a limpeza e desinfección.
- Recoméndase unha apertura secuencial das billas de duchas e lavapés, deixando correr a auga para que se renove toda a que quedou estancada nas tubarías.

3.2.4 Papeleiras

- Recoméndase que se coloquen fóra da area. Preferible na parte exterior, a poder ser de funcionamento non manual.
- Extremar a limpeza e desinfección, de xeito frecuente e ser, polo menos, diaria.



3.2.5 Hamacas, toldos e parasois

- Este apartado refírese aos xestionados ou proporcionados polos servizos da praia.
- A zona de hamacas e parasois deberá delimitarse a través de balizas, cintas ou indicacións cun control na asignación das mesmas.
- Previamente ao seu uso, este equipamento deberá ser limpadado e desinfectado.
- Instarase ás persoas usuarias ao uso da súa propia toalla nestes equipamentos.
- Todos os elementos colocaranse con cumprimento de condicións de distancia de 1,5 metros mínimo entre grupos no conviventes.
- Limpar e desinfectar as hamacas despois de cada uso. Extremar limpeza e desinfección.

3.2.6 Postos de socorro

Colocar un cartel na entrada lembrando ás persoas que se acheguen ao posto para consulta ou comunicación esperar en fila gardando a distancia mínima de 1,5 metros.

No interior do posto:

- Equipar con xel hidroalcohólico ou xabón, toallas refugables e papeleiras de pedal.
- Recoméndase colocar un cartel dirixido ao persoal que lembre:
 - Manter as medidas hixiénicas xerais.
 - Evitar, intercambiar, na medida do posible, equipos de traballo ou dispositivos de outros compañeiros. En caso de que exista alternancia no uso de determinados equipos ou dispositivos (walkies, material de rescate, etc.), débense establecer pautas para a redución do risco de contaxio.
 - Asegurar a distancia interpersoal dentro das instalacións (1,5 metros mínimo).
 - Limpeza e desinfección dos equipos de salvamento e primeiros auxilios tras a finalización da xornada e con cada cambio de profesional.
- Ventilación axeitada e frecuente.
- Aumentar a limpeza e desinfección, garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene, que será como mínimo, diaria.

No caso de que o equipo de salvamento e primeiros auxilios sexa utilizado por unha persoa usuaria da praia, tamén deberá limparse e desinfectarse tras o seu uso.



3.2.7 Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre

Nas instalacións deportivas e parques de xogo, garantirase a limpeza e desinfección previa á apertura da praia.

Deberán ofrecerse en condicións de seguridade, garantindo unha limpeza e desinfección diaria, sobre todo nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos das zonas infantís, aparellos de actividade física ou outro mobiliario urbano de uso compartido.

Recoméndase dispor nestes espazos de dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade.

3.2.8 Actividades deportivas e de ocio

As embarcacións, hidropedais, motos acuáticas e calquera outro elemento deportivo ou de recreo similares poderán utilizarse de xeito individual ou por unidade familiar (en todo caso, atendendo ás directrices sanitarias sobre distanciamento interpersoal fóra da unidade familiar). Deberanse limpar e desinfectar tras cada alugueiro/servizo e ao inicio da xornada.

O material utilizado polas persoas usuarias (cascos, chalecos salvavidas) tamén deberá limparse e desinfectarse tras cada alugueiro/servizo. Deberá asegurarse que se entrega á persoa usuaria seco e desinfectado axeitadamente.

3.2.9 Baño asistido

Deberase contar cun plan de prevención de riscos laborais, cumprir as recomendacións preventivas xerais e limpar/desinfectar o equipamento utilizado entre persoas usuarias.

No caso necesario, establecerase un sistema de cita previa, para facilitar que se tomen as medidas preventivas e hixiénico-sanitarias relativas á limpeza e desinfección.

3.2.10. Establecementos de hostalaría e restauración

Os establecementos de hostalaría que se atopen situados na praia, deberán ter en conta a normativa vixente relativa á hostalaría e restauración, así como o [Plan de hostalaría segura](#).

3.3. PLAN DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Os concellos, ou os xestores do servizo, adaptarán o seu plan de limpeza ao contexto COVID-19, tendo en conta a avaliación dos riscos identificados, indicando



frecuencias, produtos empregados e pautas de uso, e realizar un seguimento do cumprimento dos devanditos plans.

3.3.1 Produtos biocidas (desinfectantes)

Para a desinfección dos equipamentos da zona de baño poderá utilizarse dilucións de lixivia (1:50) acabada de preparar ou ben calquera dos produtos biocidas tipo 2 con actividade viricida autorizados e rexistrados polo [Ministerio de Sanidade](#).

No uso destes produtos respectarase as indicacións da etiqueta e da ficha de datos de seguridade.

Cando se vaian utilizar desinfectantes rexistrados no Ministerio de Sanidade para uso por persoal especializado a aplicación dos mesmos será levada a cabo por técnicos cualificados de empresas inscritas no [Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas \(ROESB\)](#).

Asegurarase, así mesmo, que as substancias utilizadas na limpeza e desinfección das instalacións e bens das praias non resulten prexudiciais para o ambiente.

3.3.2 Protocolo de limpeza e desinfección

O protocolo de limpeza e desinfección será axeitado ás características da instalación e á intensidade do seu uso, estando a disposición da autoridade sanitaria, e incluírá os seguintes apartados:

- Identificación dos diferentes equipos, materiais ou instalacións susceptibles de limpeza e desinfección (duchas, lavapés, varandas, tumbonas, hamacas...)
- Enumeración dos utensilios empregados (cepillo, fregona, vasoira, manguera a presión, máquina varredora..), así como dos produtos usados en cada caso.
- Ficha de datos de seguridade, recomendacións e medidas para almacenamento seguro dos produtos empregados, sempre fóra do alcance das persoas usuarias e dispoñible para o persoal operario que realicen as tarefas.
- Descrición das operacións de limpeza e desinfección que se realizan.
- Rexistro das limpeza e desinfeccións realizadas.

3.3.3 Operacións de limpeza e desinfección obrigatorias

- Varrido e limpeza das zonas húmidas de baños, duchas, vestidores, lavapés e zonas de tránsito dos bañistas (como corredores ou zonas de tránsito das persoas bañistas).
- Preparado e aplicación do deterxente para realizar lavado do mobiliario, duchas, varandas e zonas de tránsito de bañistas.
- Limpeza e aclarado dos produtos aplicados no lavado.



- Preparación e aplicación da solución desinfectante segundo as especificacións do fabricante.
- Limpado e aclarado da solución desinfectante aplicada na desinfección de superficies.

3.3.4 Frecuencia da limpeza e desinfección

- Limpeza profunda diaria das instalacións ao inicio da xornada, que poderase aumentar en función dos horarios e do uso nos aseos, vestiarios, duchas e lavapés, en caso de existir..
- Limpeza máis frecuente en superficies de uso frecuente polas persoas usuarias (dispensadores de papel, xel e xabón, varandas, pasarelas, papeleiras...).
- No caso de hamacas, tumbonas e similares así como equipamento de actividades acuáticas, deberán limparse tras cada uso.

3.3.5. Limpeza da area da praia

- Limpeza diaria da area da zona de baño, facendo especial fincapé na retirada dos residuos orgánicos e inorgánicos. Non é aconsellable a desinfección da area da praia, en primeiro lugar, porque non é recomendable a desinfección dos chans dos espazos naturais cos procedementos habituais para espazos urbanos, en segundo lugar, a acción conxunta da radiación solar, a alta temperatura que pode alcanzar a area e a sal da auga de mar son favorables para a desactivación dos axentes patóxenos.
- Na limpeza automatizada haberase de priorizar o uso de máquinas específicas de limpeza de praias, adaptadas á granulometría en cada caso, e con sistemas de cribado ou cribado da area para maior eficiencia na recollida de pequenos residuos (p.ex. cabichas), fronte a máquinas baseadas no arrastre, que poden ocasionar o enterramento dos residuos de menor volume.
- Limpeza e desinfección diaria de mobiliario de praia (duchas, lavapés, papeleiras) e zonas de tránsito (pasarelas de madeira).
- En todos os casos se tomarán todas as precaucións posibles para evitar a chegada de produtos de limpeza e desinfectantes ao medio natural (area, auga de mar, cursos de auga, humidais costeiros, augas subterráneas, etc.).

3.4. VENTILACIÓN DE ESPAZOS PECHADOS

Un aspecto importante para a prevención do virus é a ventilación dos espazos pechados, tales como postos de socorro, vestiarios e aseos.

Débese ventilar un mínimo de 30 minutos ao inicio e remate da xornada, de xeito frecuente durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada quenda.



No caso de que a ventilación sexa a través de medios mecánicos, estes deberán conservarse en bo estado de mantemento e grao de desinfección axeitado. Ademais deberase aumentar a subministración de aire fresco e minimizar a recirculación do aire interior.

Para máis información sobre o uso de sistemas de climatización e ventilación poden consultar a ligazón:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Recomendaciones_de_operacion_y_mantenimiento.pdf

3.5. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA O PERSOAL TRABALLADOR DAS PRAIAS

Os concellos velarán para que o persoal que traballa nas praias, o faga en condicións de seguridade e hixiene axeitadas. Para iso, realizarase un protocolo de medidas de protección fronte a COVID-19, que baseándose na avaliación de riscos previa, incluírán medidas organizativas, técnicas e de protección colectiva e persoal, das que o colectivo traballador debe ser formado e informado.

Entre as medidas a adoptar, teñen un lugar fundamental neste escenario o reforzamento das medidas de hixiene como son a limpeza frecuente das mans, a etiqueta respiratoria e o distanciamento social e o uso de máscaras, así como a limpeza de superficies de uso frecuente ou compartido.

O protocolo de actuación basearase no documento “Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-Cov-2”, na súa última actualización publicada na páxina web:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Proteccion_Trabajadores_SARS-CoV-2.pdf

3.6. INFORMACIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS

Nos accesos á praia deberán existir carteis informativos acerca das medidas específicas de uso da praia, preventivas e de seguridade establecidas, así como sobre a capacidade estimada.

Os carteis deberán anunciar a obriga de manter o distanciamento social, a necesidade de cumprir as normas de hixiene e as medidas adoptadas para a sectorización e control da capacidade máxima da praia.

A información ás persoas usuarias estará dispoñible nos soportes tradicionais que xeralmente se utilizan na praias, como cartelaría nos paneis informativos, para garantir que as mensaxes cheguen a todos os segmentos de persoas usuarias,



podéndose reforzar con soportes telemáticos (páxina web do municipio, redes sociais, aplicacións móbiles, etc.) así como coa posibilidade da descarga de folletos.

3.7. LIMITACIÓN DE CAPACIDADES MÁXIMAS

Os concellos poderán establecer nos seus plans de continxencia limitacións tanto do acceso como de capacidade máxima permitida de acordo ás disposicións que se vaian ditando pola autoridade sanitaria competente.

Así mesmo, os concellos poderán tamén establecer límites nos tempos de permanencia nas mesmas, así como no acceso aos aparcamentos en aras a facilitar o control da capacidade máxima das praias. Sería igualmente conveniente recoller no mesmo as directrices necesarias para manter o equilibrio entre a previsión de baixamar e preamar e a capacidade máxima permitida.

Ademais, os concellos deberán establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal tamén nas zonas de acceso e saída e para evitar aglomeracións nelas.

Nas **zonas de estancia das persoas usuarias**, recoméndase unha distribución espacial para garantir a distancia de seguridade de polo menos 1,5 metros entre elas mediante sinais no chan limitando os espazos. Todos os obxectos persoais, como toallas, deben permanecer dentro do perímetro de seguridade de 1,5 metros establecido, evitando contacto co resto das persoas usuarias.

Para os efectos de calcular a **capacidade máxima permitida por cada praia**, considerarase que a superficie de praia a ocupar por cada bañista será de aproximadamente **tres metros cadrados**.

Na instalación de elementos de parcelación, deberase evitar a realización de obras e a aplicación de formigón ou outros materiais para a fixación dos devanditos elementos sobre a area, sendo preferible a instalación manual e evitándose o paso de maquinaria por zonas sensibles tales como sistemas dunares.

De entre os elementos de parcelación, priorizaranse aqueles que supoñen un menor impacto. Neste sentido, por exemplo, preferiranse materiais naturais como a madeira fronte a materiais artificiais, e elementos de pequena envergadura fronte a aqueles máis grandes que xerarían un maior impacto.

Nos casos en que sexa necesario o uso de maquinaria pesada, co obxectivo de evitar alteracións periódicas sobre o ecosistema costeiro, antepoñeranse os mecanismos que requiran un menor número de intervencións fronte a aqueles que requiran o acceso continuado de maquinaria á praia.



En ningún caso estará permitida a invasión de hábitats sensibles, tales como sistemas dunares, co fin de aumentar a superficie de ocupación por persoas usuarias da praia.

A ocupación máxima no **uso de duchas e lavapés ao aire libre** será **dunha persoa**, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, as cales poderán contar co seu acompañante.

As **zonas de duchas en instalacións pechadas** poderase usar o 50% delas, teñan ou non cabina.

Con respecto aos **vestiarios e aseos**, poderase utilizar o 100% naqueles que dispoñan de cabinas, ou o 50% se non dispoñen delas.

No caso de existir **parques infantís, zonas deportivas ou espazos de uso público ao aire libre similares** poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada **catro metros cadrados** de espazo computable de superficie do recinto.

3.8. DISTANCIAMENTO SOCIAL

Aínda que o risco de enfermarse gravemente pode ser diferente para cada un, calquera persoa pode contraer e propagar o COVID-19. Todos temos un rol que cumprir para desacelerar a propagación e protexernos a nós mesmos, á nosa familia e á nosa comunidade.

Medidas como o distanciamento social parecen inconvenientes, pero son a mellor maneira que temos agora para protexer aos membros da nosa familia, amigos e veciños que son máis vulnerables.

Do mesmo xeito que na limitación de capacidades máximas, os concellos establecerán nos seus plans de continxencia as medidas necesarias para garantir o cumprimento do distanciamento social, tendo en conta, entre outras, as seguintes recomendacións:

- O acceso das persoas usuarias ás zonas de baño realizarase tendo en conta as especificacións en canto ás medidas de distanciamento social.
- A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e cun máximo de **dez persoas** de forma simultánea (agás no caso de persoas conviventes ou estean conformadas, como máximo, por dúas unidades de convivencia).
- O vento forte endémico dalgunhas praias puidese ser transmisor de coronavirus, polo que se aconsellaría mesmo distancias maiores aos 1,5 metros.



- As persoas usuarias que realicen paseos nas beiras respectarán os espazos de distanciamento social.
- Instalarase cartelaría na cal se anuncie a obriga de manter o distanciamento social, a necesidade de cumprir as normas de hixiene e as medidas adoptadas para a sectorización e control da capacidade máxima da praia.

Ademais, e coa finalidade de de controlar as aglomeracións de persoas en lugares e espazos públicos en que non respecten as medidas de seguridade e de distanciamento persoal, e das actividades prohibidas relacionadas co consumo de bebidas alcohólicas, **os concellos procederán ao peche das praias, a partir das 00.00 horas ata as 6.00 horas.**

3.9. USO DA MÁSCARA

- O uso da máscara nas praias está exceptuado durante o baño e mentres se permaneza nun espazo determinado, sen desprazarse, e sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes.
- En calquera caso, o uso da máscara é obrigatorio para os accesos, desprazamentos e paseos nas praias, sempre que non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.
- Se existen vestiarios, o uso da máscara tamén é obrigatorio, agás nas duchas, sempre que non se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre persoas non conviventes.

4. REQUISITOS NORMATIVOS DAS ZONAS DE BAÑO PARA A PREVENCIÓN DA COVID-19

Neste apartado recóllese a normativa en vigor para a prevención da COVID-19 nas zonas de baño:

- [Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.](#)
- [Real Decreto-lei 13/2021, de 24 de xuño, polo que se modifican a Lei 2/2021, do 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e o Real Decreto-lei 26/2020, de 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto do COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda.](#)



- [Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria](#)
- [ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [ORDE do 1 de xullo de 2021 pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [ORDE do 8 de xullo de 2021 pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e pola que se modifica a Orde do 1 de xullo de 2021, pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do lecer nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.](#)
- [ORDE de 15 de xullo de 2021 pola que se modifica a Orden de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [ORDE do 21 de xullo de 2021 pola que se establecen medidas cualificadas de prevención para facer fronte á evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e que precisan da autorización xudicial para a súa eficacia](#)
- [ORDE do 22 de xullo de 2021 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)





5. CADRO- RESUME DAS RESTRICIÓNS EN ZONAS DE BAÑO

NIVEL DE RESTRICIÓN	CAPACIDADE MÁXIMA						Nº MÁXIMO PERSOAS/GRUPO
	Praia	Duchas e lavapés ao aire libre	Aseos e vestiarios		Zonas de duchas en instalacións pechadas	Parques e zonas deportivas de uso ao aire libre	
			Con cabinas	Sen cabinas			
Máxima	3m ² por persoa, agás conviventes	1 persoa*	100%	50%	50%	4m ² por persoa, agás conviventes	10 persoas**
Alta	3m ² por persoa, agás conviventes	1 persoa*	100%	50%	50%	4m ² por persoa, agás conviventes	10 persoas**
Media	3m ² por persoa, agás conviventes	1 persoa*	100%	50%	50%	4m ² por persoa, agás conviventes	10 persoas**
Media-baixa	3m ² por persoa, agás conviventes	1 persoa*	100%	50%	50%	4m ² por persoa, agás conviventes	10 persoas**

* As persoas que necesiten asistencia, poden contar co seu acompañante

** Agás no caso de persoas conviventes ou estean conformadas, como máximo, por dúas unidades de convivencia.

6. INFOGRAFÍAS

- [Carteis informativos. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia](#)
- [Higiene de las manos: ¿por qué, cómo, cuándo? OMS](#)
- [Limpia tus manos ¿cuándo? OPS](#)
- [Limpia tus manos con agua y jabón. OPS](#)
- [Limpia tus manos con un gel a base de alcohol. OPS](#)
- [Lavarse las manos. Ministerio de Sanidad](#)
- [¿Como debo lavarme las manos?. Ministerio de Sanidad](#)

7. BIBLIOGRAFÍA

Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades (CDC). *Enfermedad del coronavirus 2019 (COVID-19). Distanciamiento social*. 17 de novembro de 2020.

<https://espanol.cdc.gov/coronavirus/2019-ncov/prevent-getting-sick/social-distancing.html>

Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades (CDC). *Guía para playas durante el COVID-19*. 19 de febreiro de 2021.

<https://espanol.cdc.gov/coronavirus/2019-ncov/community/parks-rec/public-beaches.html>





Consejería de Sanidad. D. G. de Salud Pública. *Directrices higiénico-sanitarias de las zonas de aguas de baño de Castilla y León*. 10 de maio de 2021.

<https://www.saludcastillayleon.es/profesionales/es/sanidadambiental/zonas-aguas-bano.ficheros/1876241-2021-05-11%20%20DIRECTRICES%20ZONAS%20DE%20BA%C3%91O%20COVID%20-%202021.pdf>

Consejería de Turismo, Regeneración, Justicia y Administración Local D. G. de Calidad, Innovación y Fomento del Turismo. *Andalucía segura. Guía práctica de recomendaciones dirigidas al sector turístico*. 2020.

<https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/guia-andalucia-segura.pdf>

Consejería de Turismo, Regeneración, Justicia y Administración Local D. G. de Calidad, Innovación y Fomento del Turismo. *Andalucía segura. Guía práctica de recomendaciones para playas*. 2021.

<https://cloud.andalucia.org/index.php/s/JGkcb6Cw8VflwAL>

Consejo Superior de Investigaciones Científicas. *Informe sobre transmisión del SARS-CoV-2 en playas y piscinas*. 5 de maio de 2020.

<https://digital.csic.es/handle/10261/210734>

Departamento de salud. Gobierno Vasco. *Criterios sanitarios para la reapertura y uso de las playas y zonas de baño de la CAV en situación de pandemia por SARSCoV-2*. 20 de maio de 2020.

https://www.euskadi.eus/contenidos/informacion/notas_inf_coronavirus/es_def/adjuntos/Criterios_sanitarios_playas_COVID19.pdf

Instituto para la Calidad Turística Española. *Medidas para la reducción del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2*. 10 de novembro de 2020.

https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/turismo/GuiasSectorTurismo/PLAYAS_FINAL.pdf

Ministerio de Sanidad. *Recomendaciones para la reapertura de playas y zonas de baño tras la crisis del COVID-19*. 23 de maio de 2020.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Recomendaciones_apertura_playas.pdf

Ministerio de la Presidencia. *Real Decreto 1341/2007, de 11 de octubre, sobre gestión de la calidad de las aguas de baño*. Boletín Oficial del Estado, núm. 257. 26 de outubro de 2007.

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2007/BOE-A-2007-18581-consolidado.pdf>

Ministerio de Sanidad. *Informe Nacional de Calidad de Aguas de Baño 2020*. 2021.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/saludAmbLaboral/calidadAguas/aguasBanno/docs/INFORME_AB_2020.pdf



Ministry of Housing, Communities & Local Government. United Kingdom Government. COVID-19: *Guidance for managing beaches, the countryside and coastal areas*. 29 de marzo de 2021.

<https://www.gov.uk/government/publications/covid-19-guidance-for-managing-beaches-the-countryside-and-coastal-areas/covid-19-guidance-for-managing-beaches-the-countryside-and-coastal-areas>